

DORSAIS LITERARIAS

Charla para o XV Premio Literario da facultade de Filoloxía da UDC, 2010

Estíbaliz...Espinosa

A dorsal mesoatlántica percorre os leitos do Océano Atlántico de norte a sur, se é que non o fai de sur a norte. Por esa cicatriz párese o mar. A cicatriz afasta unha beira da outra. O océano dilátase. Os habitantes das terras atlánticas arredámonos dous centímetros cada ano que pasa.

Pódense atopar analoxías entre ese fenómeno e unha apertada vida humana. Magma proxectado desde o centro da detonación da nosa existencia que nos afasta de algo. Por exemplo de nós mesmos. Por exemplo dos nosos primeiros escritos.

É habitual que un comece a escribir cando se atopa na xema do universo da súa vida, ao redor dos dezaioito ou os vinte anos. Quizais antes, quizais despois. Si semella claro que unha radiactividade invisible férenos e a linguaxe, nas súas formas crúas, altéranos e hipnotízanos, nun tronso no que os significados e as imaxes revólvense como criaturas vivas. É posible que sexa entón cando nos precipitamos na escritura. **Vémonos incapaces de afrontar as páxinas da vida sen trazar o contorno da nosa man nelas.** Cravamos o noso i epentético entre Don Dinís e Mendinho, debatemos ata as tantas con Steiner con Curtius con Casas con Bloom, Cortázar fúmase as nosas expectativas literarias e entre a sintaxe de Bosque e Violeta e esa misteriosa perda postmedieval da aspiración da h incubamos o ovo dun universo privado, escrito coa torpeza xenial de quen se estreia. Un adxectivo de Rosalía impúlsanos a chamar a alguén, que se atopa alén de moitas montañas gramaticalmente xenerativas. Sor Juana Inés de la Cruz sopra nas nosas mans ateridas cada madrugada. Leámonos cigarros coa pel de Pessoa e nos beizos que nos sangran hai pingas cun matiz que non rexistrou o Alarcos. Ás veces chegamos a inventarnos sufrimentos, nunha especie de mística literaria. Ou personaxes. Ou conxuras. As razóns que se esgrimen para escribir son variadas: desde a conciencia da soidade, a carencia ou a dúbida expresiva ata o desexo incontido de tocar unha man, un cerebro xemelgo a través dun glaciador gramatical onde as ideas flotan encerradas nos icebergs xigantes da forma.

Moitos de vós sentistes así en momentos moi diferentes ou talvez similares. Poderíase especular con que a sensibilidade literaria funciona como un dispositivo muscular, un mecanismo que atopa o seu interruptor en zonas da experiencia humana comúns: desde o gastado raio de luz atravesando un limiar ou a beleza insufrible dun rostro e dunha idea, ata lugares máis recónditos, vellas plataformas petrolíferas, espazos insondables, dorsais mariñas onde se xera a terra. Frecuentamos quen sabe se os mesmos imaxinarios e temos un modo parecido de nos asfixiar nunha atmosfera literaria que necesitamos plasmar en papel. Recorremos aos mesmos cascallos, en ocasións sopesamos na nosa man idénticos tópicos morais antes de descartalos... os vertedoiros literarios de referencias, intertextos, teorías, *popes* e marxinais que penosamente ascendemos e nos que nos desesperamos son o mesmo, baixo a mesma constelación da incerteza e a procura.

As lanzadeiras espaciais que nos arrebolan a esas singularidades ás veces toman a forma dun **premio** e o seu labor, mesmo que se trate de premios pequenos, é cinguirnos o traxe de astronauta. A coroa o loureiro ou a escafandra. Algúns premios -algúns, en absoluto todos, pero si algúns- invístennos da seguridade de que no oficio das palabras e os argumentos poderíamos ter algo que dicir.

Son un pasaporte a esa colectividade da que en ocasións fuximos cando eliximos o acto solitario de ler e escribir.

Dado que a orixinalidade e a creatividade son empregadas moitas veces como consignas da mercadotecnia artística, en literatura contamos hoxe con poucos eidos xenuinamente creativos: un deles é o que provén dos estados de conciencia híbridos entre a linguaxe da máquina e a linguaxe humana. Para un estudante de filoloxía de hoxe, en xeral case para un estudante de calquera ámbito, o contacto cos dispositivos dixitais [internet pero tamén os videoxogos] devólvenos unha imaxe fascinantemente monstruosa desa linguaxe que queremos apresar como a unha víbora. Algo similar sucede coa linguaxe publicitaria, que manexa claves literarias de sedución, innovación e persuasión. Tamén a linguaxe de ciencia, entendida tanto na súa versión de paradigma científico como de ciencia ficción. E por suposto, a propia linguaxe literaria das obras [filosóficas, ensaísticas, narrativas, dramáticas ou líricas] que traspasaron o tempo ata nós.

Hai uns anos eu atopábame no mesmo punto do espazo. Presentábame a algúns premios, buscaba un estilo, unha linguaxe orgánica na que me sentir cómoda. **Un estilo é unha gruta.** Unha furna na praia. Unha vez das con ela, moves no seu interior protexido dos embates da linguaxe exterior: frases feitas, ideas fixas, tópicos éticos e estéticos de terceira man. É como un óso inserible no noso esqueleto de ósos de serie. Un resoar propio. Unha sonoridade, un eco, contrapunto de todo narciso que se contempla nas inmediateiros acuosas da páxina. Podo dicirvos que esa procura é esgotadora, maléfica, venenosa. Lostregante.

Sodes vós agora os que camiñades pola praia da páxina. A linguaxe literaria apenas sedimentou en vós. Estadades máis preto da fisión do núcleo. Traballades con enxertos novos, con ADN novo, as permutacións literarias sonvos infinitas como os decimais de pi. Sodes a envexa de todos os que abandonaron esa praia. A vosa maquinaria está en marcha. Escribide. **Non teñades medo de non parecervos ao que vende.** Se non vos publican, publicádevos a vós mesmos. As relacións públicas son importantes, pero non tanto. Pedide consello a quen admiredes de verdade. Ambicionade o máis alto: non o éxito temporal [ou non só] senón a metamorfose literaria. Somos autómatas quen de nos rebelar contra o noso mecanismo. Somos criaturas nun cosmos relativo e indiferente a nós. Baixo as tapas dos vosos cranios, son os vosos microcosmos os que ferven. Sodes a envexa do inerte. Sodes a envexa do que redundante. Sodes a envexa do non mutante. **Sodes mutantes.** Na vosa gorxa un pulsar. Contades cunha lingua literaria, estea no idioma que estea, disposta a mutar se a pulsades con ardencia. A creación literaria *ex nihilo* ten moito de mito. Só existe a mutación, o erro, a cadea de aminoácidos culturais que forma a nosa proteína. **A vosa man conectada ao voso cerebro polos cables da conmoción.** A dorsal atlántica pola que vos nace a materia da que se fai a vida. As vosas **gananas**, frescas e crúas e radiactivas, de escribir o mundo.